

1. Tramitación de facturas.

A tramitación das facturas deberá axustarse ao establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 30/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público. Igualmente se adecuará á normativa vixente que lle sexa de aplicación en materia de procedemento administrativo común, en particular á Lei 39/2015, de 1 de outubro.

O provedor que haxa expedido a factura por servizos prestados ou bens entregados ao Concello de Porto do Son presentará ante o rexistro administrativo, nos termos previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no prazo de trinta días dende a data de entrega efectiva das mercadorías ou a prestación de servizos.

Se engade a obriga de expedir factura electrónica a través do punto xeral de entrada FACe, ademais de aos enumerados no artigo 4 de Lei 25/2013, de 27 de decembro a :

- a) Quen exerza unha actividade profesional para a que requira colexiación obrigatoria, incluídos os notarios e os rexistrados da propiedade e mercantís
- b) Aquelas persoas físicas e ou entidades sen ánimo de lucro que facturen servizos ou entregas de bens con carácter periódico (mensual, bimensual, trimestral, cuadrimestral) sen distinción de importe.

A remisión da factura a través da plataforma FACe deberá incluír a combinación dos tres códigos DIR3 que corresponda coa unidade tramitadora que xestiona o servizo ou ben polo cal se factura, dentro dos seguintes:

OFICINA CONTABLE	ÓRGANO XESTOR	UNIDADE TRAMITADORA
LA0001841 - INTERVENCION	LA0001840 - ALCALDIA	LA0033020 - Abastecimiento y Saneamiento
LA0001841 - INTERVENCION	LA0001840 - ALCALDIA	LA0033021 - Administración General
LA0001841 - INTERVENCION	LA0001840 - ALCALDIA	LA0001840 - Alcaldía
LA0001841 - INTERVENCION	LA0001840 - ALCALDIA	LA0033022 - Alumbrado Público y Energía Eléctrica
LA0001841 - INTERVENCION	LA0001840 - ALCALDIA	LA0033023 - Bienestar Social
LA0001841 - INTERVENCION	LA0001840 - ALCALDIA	LA0033024 - Combustibles y Carburantes
LA0001841 - INTERVENCION	LA0001840 - ALCALDIA	LA0033025 - Cultura y Fiestas
LA0001841 - INTERVENCION	LA0001840 - ALCALDIA	LA0033026 - Deportes
LA0001841 - INTERVENCION	LA0001840 - ALCALDIA	LA0033031 - Funcionamiento de Servicios Públicos Básicos
LA0001841 - INTERVENCION	LA0001840 - ALCALDIA	LA0033027 - Informática y Nuevas Tecnologías
LA0001841 - INTERVENCION	LA0001840 - ALCALDIA	LA0001841 - Intervención
LA0001841 - INTERVENCION	LA0001840 - ALCALDIA	LA0033029 - Mantenimiento, Conservación y Limpieza de Edificios e Instalaciones Municipales
LA0001841 - INTERVENCION	LA0001840 - ALCALDIA	LA0033028 - Mantenimiento de Vías Públicas y Caminos
LA0001841 - INTERVENCION	LA0001840 - ALCALDIA	LA0033030 - Medio Ambiente, Parques y Jardines
LA0001841 - INTERVENCION	LA0001840 - ALCALDIA	LA0033032 - Obras
LA0001841 - INTERVENCION	LA0001840 - ALCALDIA	LA0033033 - Ocio y Tiempo Libre
LA0001841 - INTERVENCION	LA0001840 - ALCALDIA	LA0033034 - Parque Móvil y Maquinaria Municipal
LA0001841 - INTERVENCION	LA0001840 - ALCALDIA	LA0033035 - Promoción Económica y Empleo
LA0001841 - INTERVENCION	LA0001840 - ALCALDIA	LA0033036 - Residuos y Limpieza Viaria
LA0001841 - INTERVENCION	LA0001840 - ALCALDIA	LA0033037 - Salubridad Pública
LA0001841 - INTERVENCION	LA0001840 - ALCALDIA	LA0033038 - Seguridad y Movilidad Ciudadana
LA0001841 - INTERVENCION	LA0001840 - ALCALDIA	LA0033039 - Tesorería y Recaudación
LA0001841 - INTERVENCION	LA0001840 - ALCALDIA	LA0033040 - Urbanismo y Patrimonio



Por economía administrativa, e no caso de servizos ou subministrados reiterados feitos polo mesmo provedor, tratarase de facturar todos os servizos da mesma natureza prestados ao longo do mes nunha mesma factura por servizo ou programa atendido, indicando nunha relación valorada o detalle dos mesmos, as unidades e prezos aplicados.

As facturas deberán adecuarse aos requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de polo que se regulan as obrigas de facturación, en particular no relativo ao contido das mesmas, indicarán a descrición das operacións, incluíndo o prezo unitario sen impostos de ditas operacións, así coma calquera desconto ou rebaixa que non estea incluído en dito prezo unitario. Non se admitirán as facturas, con descricións xenéricas salvo que se acompañen dunha relación valorada anexa.

Darase prioridade á tramitación das facturas que teñan previamente reserva de crédito e conteñan a referencia contable da mesma no seu texto. Os provedores deberán emitir as facturas no prazo legal dende a prestación do servizo ou entrega do ben , en todo caso antes de que remate o ano, deberán emitir as facturas pendentes correspondentes a servizos ou ben entregados no ano.